

Ante a sentenza emitida polo xuíz Alejandro José Galán Rodríguez, do xulgado número 6 de Alcorcón, en que se argumenta contra a custodia para unha nai en base a que as súas fillas estarían escolarizadas nun centro público e terían que estudar a súa lingua propia

O Pleno da Xunta de Persoal Docente non Universitario da provincia de Pontevedra acorda facer público o seu rexeitamento aos argumentos esgrimidos para xustificar unha denegación de custodia, pois poñen de manifesto a subxectividade manifesta do xuíz que ignora as normas legais que amparan os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos, e cuesti on a idoneidade do Ensino Público, o mellor sistema educativo existente hoxe en día, contrastado, científico e democrático. Sentenzas como a emitida por este xuíz, son claramente subxectivas e poñen en cuestión os dereitos dos administrados e administrada s.

O Pleno da Xunta de Persoal fará pública a súa postura mediante a seguinte nota de prensa, manifestamente irónica, e coa que pretendemos chamar a atención sobre unha sentenza que non ampara os dereitos de dúas nenas, senón que cuestiona os seus dereito s e os da súa proxenitora.

O PROFESORADO SUSPENDE O XUIZ DE ALCORCÓN ALEJANDRO JOSÉ GALÁN RODRÍGUEZ

Comunicado da Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra.

**En sesión de avaliación celebrada o 9 de decembro de 2009 o equipo docente do curso "Conceptos básicos de igualdade e dereitos humanos" decidiu cualificar como,**

MOI DEFICIENTE

ao alumno Alejandro José Galán Rodríguez, xuíz do xulgado número 6 de Alcorcón.

Xustificación da cualificación:

- O alumno descoñece total e absolutamente o artigo 3. 3. da Constitución Española que obriga á protección de todas as linguas oficiais,

*" A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección."*

- O alumno descoñece total e absolutamente o artigo 2.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos para o que,

*" Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra natureza, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra distinción. "*

- O alumno descoñece total e absolutamente o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia que establece que,

1. *A lingua propia de Galicia é o galego.*
2. *Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.*
3. *Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.*
4. *Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.*

- O alumno ignora o carácter de conquista universal para a humanidade que representa a existencia de servizos públicos.

Dous dos estados máis poderosos e de maior poboación, a R.P.China e os EEUU, están a dar pasos decididos para se dotaren dun sistema de sanidade pública que dea cobertura á totalidade da poboación, recoñecendo así a superioridade dos servizos públicos na cobertura das necesidades da poboación. Sen embargo o alumno hoxe avaliado, considera que a escolarización en centros públicos prexudicará a formación das dúas nenas obxecto da súa sentenza.

En consecuencia o alumno Alejandro José Galán Rodríguez, xuíz do xulgado número 6 de Alcorcón, deberá presentar na convocatoria de setembro un traballo no que analice e comente os artigos máis arriba citados e expoña casos prácticos nos que poderían aplicar.